

NORMAS DE ACTUACION EN CASO DE INCENDIO E EVACUACIÓN

1. Se descubres un incendio:



Avisa rápidamente a dirección; eles están preparados para iniciar a intervención.

2. Ao oír o sinal de alarma:

5 sons de timbre



Coñecer as vías de evacuación e as saídas de emerxencia



Deixa o que estas a facer, non collas nada e escoita as **instrucións** do persoal do centro:

Pasar lista . Se hai alguén no servizo, se algún alumno/a está noutra parte do edificio terá que incorporarse o antes posible á súa clase ou á aula máis cercana que atope.

Pechar as fiestras, non perder tempo en recoller os obxectos persoais. Se algún compañeiro precisa axuda, será o encargado de darlla o compañeiro de mesa.

Sae ordenadamente e con rapidez , **pero non corras, en fila de a un e** pegados á parede, en silencio.

Os últimos en saír da aula son o alumno/a encargado e o profesor/a, que deberán **pechar a porta**.


Non actúes pola túa conta. Ponte ao cargo do profesorado e do alumnado encargado, eles poden conducirte con seguridade ao exterior. Só en caso de non haber persoal dirixindo a evacuación, segue os rótulos de sinalización que existen en cada planta e que a través das escaleiras te conducirán ao exterior.

Debes coñecer íntegramente o edificio, as súas **vías de evacuación e saídas de emerxencia** (no taboleiro da aula están indicadas nos planos do edificio).

Non uses o ascensor como saída, pode pararse entre dous pisos ou ir ao piso do incendio e parar alí.

Non te deteñas nas portas de saída , e non volvas atrás, esperando por algún compañeiro/a.

Baixa as escaleiras en fila e pegado á parede, deixando espazo libre para que os equipos de salvamento teñan acceso á orixe do sinistro.

3. Pensa nos demais:		Lembra que as persoas discapacitadas poden necesitar a túa axuda. Tamén debes estar pendente dos que estan cerca de ti, unha caída ou a perda dos lentes poden deixar momentaneamente incapacitada a unha persoa.
4. Se estas illado no edificio e a ruta de evacuación está obstruída polo fume:		Vai a unha saída alternativa. Nunca intentes atravesar o fume se non estás completamente seguro de alcanzar a saída. Avanza a gatas se te ves envolto polo fume. O aire próximo ao chan é máis limpo e fresco.
5. Se a saída é moi perigosa debido ao lume e ao fume:		Busca un cuarto con ventá ao exterior e pecha a porta. Fai sinais dende a ventá aos bombeiros. Se hai teléfono no cuarto, informa á consexaría da tua situación exacta, aínda que che viran facer os sinais.
6. Se non podes abandonar o cuarto e este empeza a encherse de fume:		Tapa todas as fendas por onde entre o fume, se podes con algo mollado, e fai sinais dende a ventá ao grupo de rescate. Se é imprescindible abre un pouco as ventás para permitir que entre aire fresco. Precaución, as ventás abertas poden crear correntes de aire que avivarían o incendio.
7. Unha vez fóra:		Diríxete ao punto de reunión que che indicara o persoal encargado. (No aparcamento está o punto de reunión para o primeiro andar e no patio está o punto de reunión para o segundo andar, planta baixa e ximnasio). Agrúpate con quen estiveses antes da evacuación para comprobar que non falta ningún. Permanece alí ata que os bombeiros ou persoal autorizado, indiquen que é seguro volver entrar.